

Estimado/a alcalde/alcaldesa,

A Rede Galega de Vixilancia de Vectores (ReGaViVec) está realizando a vixilancia sanitaria dos mosquitos vectores de enfermidades en Galicia. Foi creada no ano 2017 mediante un convenio de colaboración entre as Consellerías de Sanidade e de Medio Rural e as Universidades de Santiago de Compostela e Vigo, co obxectivo de identificar os principais mosquitos (Universidade de Vigo) e carrachas (Universidade de Santiago de Compostela) vectores de enfermidades humanas e animais.

No mes de Agosto do ano 2023 detectouse por primeira vez en Galicia o mosquito tigre (*Aedes albopictus*) en varios concellos da Ría de Vigo, especie exótica invasora orixinaria do sureste asiático. Este mosquito ten a capacidade de actuar como transmisor dalgunhas enfermidades coñecidas como arboviroses, como as producidas polos virus Chicungunya, dengue ou Zika. Estas doenzas constitúen o grupo de enfermidades que máis está medrando no mundo como consecuencia da confluencia de determinados parámetros ambientais e ecolóxicos, como o aumento da temperatura media nos meses estivais e os cambios nos patróns de precipitacións, xunto con factores sociais como a globalización, que fan que a distribución xeográfica do mosquito tigre estea a aumentar drasticamente a nivel mundial nos últimos anos.

Dende Agosto do 2023 os concellos nos que se detectou o mosquito tigre comezaron a colaborar coa ReGaViVec, facilitando a recollida de mostras nos seus concellos e tamén participan nas mostraxes algúns concellos que lindan con outros nos que se detectou o vector. Pero malia a que todos os concellos con presenza de mosquito tigre son da provincia de Pontevedra a tendencia nos datos prognostica unha alta probabilidade de expansión a outras provincias da nosa comunidade ao longo dos vindeiros anos. É por iso polo que a rede pretende ampliar a vixilancia dos mosquitos vectores de enfermidades, especialmente do mosquito tigre que se leva realizando no territorio de Galicia, a novas áreas da rexión. Para isto, sería de gran interese dispoñer da colaboración de novos concellos na colocación de trampas para a captura de mosquitos.

O feito de que a súa institución colabore coa ReGaViVec tería un gran valor, e contribuiría a determinar a abundancia de vectores que poidan transmitir patóxenos que afecten á saúde humana, avaliar o risco de transmisión de patóxenos á poboación e adoptar medidas para reducir as poboacións de vectores e evitar, así, a transmisión de patóxenos á poboación.

Grazas a esta colaboración poderíamos coñecer con premura a distribución dos mosquitos e adiantarnos así á adopción de medidas de prevención e protección, co fin de evitar a súa reprodución, dispersión e instalación nos diferentes concellos de Galicia.

Se o seu concello aposta por esta colaboración, que vai redundar finalmente nunha mellora da saúde e o benestar da poboación dos seus veciños, os investigadores da universidade de Vigo instruirán á persoa ou persoas que se vaian ocupar de colocar as trampas sobre os aspectos máis relevantes, como pode ser o lugar idóneo para colocalas, ou a frecuencia de mostraxe, e para darlle as instrucións por escrito e os teléfonos de contacto das persoas investigadoras.

Cómpre incidir que o material lles será proporcionado gratuitamente, se ben cada concello ten que ocuparse de remitir as mostras á universidade de Vigo.

Se acepta iniciar coa súa colaboración, precisamos que, coa maior brevidade posible e en todo caso, antes de dez días hábiles a partir da recepción desta comunicación, nos remita por correo electrónico (regavivec@sergas.es) o anexo I que se achega xunto con esta carta.

Agradecéndolle de antemán a súa valiosa colaboración, reciba un cordial saúdo.

*A directora xeral de Saúde Pública
(Por delegación de sinatura de 20/02/26)
Subdirectora xeral de Xestión, Calidade e Innovación.
Amparo Villaverde Gómez*

